

Anteproxecto
Comunicado nº 229/08
31/10/2008

A Madalena Forcarei

1ª Copa de Galicia de velocidade



www.fga.es

COMISION GALEGA
DE MONTAÑA

COMISION GALEGA
DE AUTOCROSS

COMISION GALEGA
DE KARTING

ORGANIZA



7 de decembro 2008

COLABORA



CONCELLO DE FORCAREI
DEPORTES



FUNDACIÓN
DEPORTE GALEGO
Crecendo dende a base



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte



DEPUTACIÓN
DE PONTEVEDRA

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

As Comisións Galegas de Montaña, Autocross, e Karting, organizan o día 7 de decembro de 2008, unha proba de carácter nacional, puntuable para Copa de Galicia de Velocidade. Esta proba disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2008, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A.

Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

2.1.- A proba puntuable para esta Copa deberá admitir unicamente a participación de vehículos comprendidos nas Divisións:

GRUPOS CM1, CM2, EM1, e EM2:

- Clase 14A (CM1): ata 1.000 c.c. (Carburación e inxección).
- Clase 14B (CM2): de 1.001 a 1.500 c.c. (Carburación e inxección).
- Clase 15 (EM1, e EM2): Tóda-las cilindradas.

2.2.- Os vehículos deberanse presentar as verificacións nun estado impecable de chapa e pintura.

2.3.- Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo na proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

2.4.- Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba.

Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

3.1.- Os cinco mellor clasificados de cada clase otorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación actual do Campionato de Galicia de Montaña 2008

3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras, e un terceiro irá no teito, segundo o artigo 10.8 das prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2008.

3.3.- Será obrigatorio que a organización dispoña dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos.

3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

Artigo 4.- INSCRICIÓN.

4.1.- Establécense para cada unha das probas puntuables uns dereitos de inscrición de 250,00€, aceptando a publicidade do organizador, e de 500,00€ non aceptando a publicidade do organizador.

4.2.- Si nunha categoría só houberse unha inscrición de 2 participantes, cunha antelación de 4 días o organizador poderá comunicar a Federación a anulación da devandita clase.

4.3.- O prazo de admisión de inscricións pecharase 3 días antes do inicio da proba, data na que se publicará a lista de inscritos.

4.4.- O boletín de inscrición enviarase vía fax a Federación Galega de Automobilismo, cuberto e firmado, co nome, escudería, vehículo e cilindrada xunto co xustificante do ingreso da cuota de inscrición.

FAX 988 272841

4.5.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante, ou dun Piloto debéndose da-los motivos. (Art. 74 do C.D.I.).

4.6- Será obrigatorio presentar nas verificacións, as licencias, e os pasaportes do vehículo; requisitos obrigatorios para a súa participación.

4.7.- Os dereitos de inscrición terán que ser ingresados na entidade bancaria **CAIXA GALICIA** sucursal de **CALDAS** número de conta

2091-0549-18-3040002349.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	horario	Horario – Programa	Lugar
21/11/08	10.00	Apertura de inscricións	Secretaría da Proba FG de A
03/12/08	18.00	Peche de inscricións	
04/12/08	20.00	Publicación da lista de inscritos	
07/12/08	09.30 a 10.30	Verificacións administrativas	Circuito A Madalena Forcarei
	10.00 a 11.00	Verificacións técnicas	
	11.10	Publicación lista de autorizados a toma-la saída	
	11.20	Briefing	
	11.30 a 12.15	Adestramentos oficiais (impares)	
	12.30 a 13.15	Adestramentos Oficiais (pares)	
	14.30	Semifinais	
	16.30	Repesca	
	17.30	Final	
	18.00	Publicación de resultados	
18.30	Entrega de premios		

Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DA PROBA.

6.1.- VERIFICACIÓNS.

6.1.1.- Establecerase un horario segundo o regulamento particular da proba.

6.1.2.- Os Comisarios das verificacións administrativas, e técnicas nos pasaportes administrativos, anotarán tódalas anomalías que presenten os vehículos, e de non ser arranxadas comunicaranse ós Comisarios Deportivos que determinarán a súa autorización, ou non, a tomala saída.

6.2.- CRONOMETRAXE.

6.2.1.- A cronometraxe efectuarase con aparatos de impresión de tempos como mínimo a 1/1000 de segundo. O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado ha cabo exclusivamente polo equipo da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

6.2.2.- A toma de tempos iniciarase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

6.2.3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.

6.2.4.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o conductor, na pista, e calquera outra entidade ou persoa está prohibido.

6.2.5.-As tandas de adestramentos cronometraranse volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da semifinal. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate a segunda volta rápida e así sucesivamente.

6.2.6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso de última volta pola liña de meta, se isto ocorre na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

6.3.- GRELLAS.

6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 2/2. a separación entre vehículos será de 6 a 8 m entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

6.3.2.- Os participantes teranse que presentar na pregrella de saída, trala saída de manga anterior, se non se persoasen, trala toma da bandeira de manga anterior quedaran excluídos, e o seu posto na grella non será ocupado.

6.3.3.- No caso de que algún piloto non se puidera presentar na grella de saída, o seu posto na grella non será ocupado, e serán chamados os vehículos reservas sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella.

6.3.4.- No caso de avaría estando colocado en grella de saída, non se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba, e o seu posto quedará libre (agás cambiar unha roda co permiso do Director de Carreira).

6.3.5.- Nas finais, o conductor con dereito á “Pole-Position” poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Isto será válido soamente para a primeira liña, o resto da grella colocárase coa pole no lado da primeira curva.

6.3.6.- As grellas formaranse, da seguinte maneira:

- Adestramentos: por orde de números asignados (impares e pares)

- Semifinais: colocárase polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.

- Final: Se houber unha semifinal, a final formaríase na mesma orde na que rematou a semifinal.

Se houber varias semifinais a composición da grella sería:

O primeiro sería o que rematase 1º da semifinal máis rápida, o segundo o 1º da segunda semifinal máis rápida, o terceiro sería o 1º da terceira semifinal máis rápida, se existise se non sería o 2º da semifinal máis rápida e así sucesivamente.

6.4.- SAÍDAS.

6.4.2.- Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

6.4.3.- A luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de cambiarse á luz verde ou apagarse.

6.4.4.- No transcurso da proba actuarán XUICES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.

6.4.5.- As saídas anunciaranse 30 segundos antes cunha pancarta en cuio interior figure unha inscrición de 30 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para tomar a saída. 5 segundos antes mostrárase outra pancarta coa inscrición 5 seg.

6.4.6.- A saída das Semifinais, e Finais darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.7.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha **F** e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Semifinal ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 10 segundos, o cual se sumarán ós obtidos na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos.

O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:

30 SEG.	5 SEG.
----------------	---------------

60 x 40 cms 60 x 40 cms. (Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

6.5.- BRIEFING.

O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impartir-las normas de condución, e observacións pertinentes antes do comezo da proba.

6.6.- ADESTRAMENTOS CRONOMETRADOS.

6.6.1.- Cada serie de adestramentos consistirá en catro voltas, unha de quecemento, dúas cronometradas, e unha de deceleración (un só piloto na pista).

6.6.2.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algún participante, se causas xustificadas de forza maior lle impediron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre, e cando houberse sitio para él.

6.6.3.- Se nos adestramentos un vehículo voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos.

6.6.4.- Os Comisarios poderán facer volver á pista ó piloto que non poda traccionar por si mesmo hacía atrás, sempre e cando non houberse risco para ambos.

6.6.5.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avaría. Si un vehículo romperse antes de finalizarla 1ª volta de adestramento, sairá de último na semifinal.

6.6.8.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a mayor tempo realizado.

6.7.-SEMIFINAIS.

As semifinais disputaranse a 5 voltas.

6.7.1.- Se hai 12 ou menos vehículos autorizados, realizarase dúas semifinais.

6.7.2.- Se hai de 13 a 18 vehículos autorizados, realizaranse tres semifinais.

6.7.3.- Se hai de 19 a 24 vehículos autorizados, realizaranse catro semifinais.

6.7.4.- Repesca: Disputarase a 6 voltas, se non houberse un mínimo de 4 vehículos autorizados non haberá repesca para poder celebrala.

6.8.- FINAL.

A final realizarase a 7 voltas.

O número máximo de vehículos clasificados será de 8.

6.8.1.- Clasificados para a Final:

-Se hai unha soa semifinal, clasificaranse todos os vehículos.

-Se hai dúas semifinais, clasificaranse os 3 mellores postos de cada Semifinal, e os dous mellores da repesca

-Se hai tres Semifinais, clasificaranse os 2 mellores postos de cada Semifinal, e os dous mellores da repesca

6.8.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque Pechado.

6.9.- PARQUE PECHADO.

6.9.1.- A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, obrigatoriamente ata estar dentro do parque. (no caso contrario quedaría descalificado). Tódolos vehículos terán que entrar no parque pechado, incluso os retirados.

6.9.2.-Despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do Parque Pechado, ata o levantamento do parque polos Comisarios Deportivos, transcorridos 30 minutos, se non houberse reclamacións.

6.9.3.- Para retirar-lo vehículo do Parque Pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licencia de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

Artigo 7.- PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

-Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repítese toda a carreira.

- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60% da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta, e sumaranse os tempos obtidos nas dúas partes.

- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

Artigo 8.- OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

8.1.- Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto.

8.2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, ó relacións cos participantes ou o Xefe de Boxes de que non van tomar parte nunha manga, a sanción poderá chegar a exclusión da proba, e probable traslado ó Xuíz Único de Competición.

8.3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Xuíz Único de Competición. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e elo baixo a vixilancia dun oficial de proba.

8.4.- Cortar o paso intencionadamente a outro participante. ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Xuíz Único de Competición.

8.5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo, para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se limite a evacuación do vehículo da pista e se continua en carreira será descalificado, a tódolos efectos.

8.6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.

8.7.- Cando un vehículo voltee, en adestramentos ou nas mangas finais, os comisarios de pista deberán volvelo a súa posición primitiva e retiralo da pista.

8.8.- No caso de avaría, deberán os conductores situa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo, ou perigo, para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo. **Será obrigatorio que o piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrente.**

8.9.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de descalificación, e traslado ó Xuíz Único de Competición.

8.10.- Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibido so pena de exclusión, e multa de 500 €uros.

8.11.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

BANDEIRA ROXA: Presentada inmóvil, e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en tódolos postos de control.

BANDEIRA NEGRA: Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo. (Exclusión da manga ou do "meeting" si así o considerasen os Comisarios Deportivos).

BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES: Presentada polo Director de Carreira, cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conducta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado.

BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA: Informa ó piloto, do vehículo do número anotado, que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo ou para os demais pilotos, e que deberase parar nos boxes no próximo paso polo mesmo.

BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos ata rebasa-lo obstaculo, so pena de exclusión.

BANDEIRA VERDE: Pista libre.

BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle precede, e intenta adiantalo.

Artigo 9.- PREMIOS:

9.1.- PREMIOS POR PROBA

CM1

1.^o Casco de Bronce e Coroa de laurel
2.^o Casco de Bronce
3.^o Casco de Bronce

CM2

1.^o Casco de Bronce e Coroa de laurel
2.^o Casco de Bronce
3.^o Casco de Bronce

EM1

1.^o Casco de Bronce e Coroa de laurel
2.^o Casco de Bronce
3.^o Casco de Bronce

EM2

1.^o Casco de Bronce e Coroa de laurel
2.^o Casco de Bronce
3.^o Casco de Bronce

9.2.- Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios.

9.3.- PREMIOS FINAIS:

Coincidindo coa entrega de premios dos Campeonatos, Copas, e Trofeos de Galicia 2008, entregaranse ó Campión, e ó Subcampión da "I Copa de Galicia de Velocidade":

CAMPION	TROFEO DE BRONCE OURO
SUBCAMPION	TROFEO DE BRONCE PRATA

Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2008 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior ós dous días; tamén deberán entregarse copias ó Inspector da proba, ó finalizalo evento deportivo.

Artigo 13.- OFICIAS DA PROBA.

DIRECTOR DE CARREIRA:

D. Angel Longueira Carballo (Autocross)	GA-0458-OA
---	------------

DIRECTOR ADXUNTO:

D. Miguel González García (Karting)	GA-0007-OA
-------------------------------------	------------

COMISARIOS DEPORTIVOS:

D. Manuel Esperon Alonso (Montaña)	GA-1435-OA
D. Victoriano Gonzalez Boulosa (Montaña)	GA-0208-OA
D. Antonio Lourido Cortizo (Karting)	GA-1994-OA

SECRETARIO DA PROBA

D ^a . Noemí L. Blas Prieto (Montaña)	GA-1051-OA
---	------------

COMISARIOS DE VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS:

D ^a . Lilia Chogo Cabreras (Karting)	GA-0502-OB
D. Benjamín Castiñeiras Castro (Slalom)	GA-0005-OB

COMISARIOS TÉCNICOS:

D. Javier Fernández López (Rallyes)	GA-0784-OC
D. Ignacio J. Davila Estevez (Rallyes)	GA-1309-OC

XEFE DE BOXES:

D. José C. Rodríguez Vazquez (Karting)	GA-1514-OB.
--	-------------

RELACIÓNS COS PARTICIPANTES:

D. Fco. Javier Vázquez Alvarez (Autocross)	GA-0037-OA.
--	-------------

CRONOMETRADORES:

D. Jose Antonio Penedo Marnotes (COA-GA)	GA-0003-OB.
D. Bryan a. Cano Henao (COA-GA)	GA-0470-OB.

XEFE COMISARIOS DE PISTA:

D. Iván Corral Perez (Rallyes)

GA-0001-OA

COMISARIOS DE PISTA:

D. Francisco Barreiro Caamaño (Rallyes)

GA-0016-OD

D. Alonso Viana Mejuto (Montaña)

GA-0796-OD

D. Antonio Rguez. Troitiño (Rallyes)

GA-0019-OD

D^a. Maite Vilanova López (COA-GA)

GA-1381-OD

D. Juan A. Caseiro López (Montaña)

GA-0792-OD

D. Marcial González Iglesias (COA-GA)

GA-0006-OD

D. Humberto Glez. Bermudez (Rallyes)

GA-0002-OD


D. Gregorio Pereira Blanco (Montaña)

GA-0017-OD

SERVIZOS MÉDICOS: BDM AMBULANCIAS.

Don Angel Longueira Carballo, provisto da licencia, do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número GA-0458-OA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

CROQUIS/PLANO(SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTO



ANEXO I

RALLYES, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM E 4x4 - CONCENTRACIÓNS:

1.- Por acordo Asembleario, votado por unanimidade, é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2008 e seguintes: Unicamente se poderá participar coa Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo

2- Para puntuar nos Campionatos e Copas, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatorio para concursantes e participantes (Pilotos-Navegantes e Asistencias) estar en posesión das licencias autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para ser puntuable nos Campionatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, en Galicia, deberán admitir obrigatoriamente a participación con licencias autonómicas expedidas pola F.G. de A.; no caso contrario a proba non admitira en ditos Campionatos, e o seu incumprimento implicará a perda de subvencións oficiais pactadas pola F.G. de A.

4.- De existir convenios de aceptación-reciprocidade en materia de participación (non puntuación) con outras Federacións (ámbito de licencia) Autonómicas, Nacionais e Internacionais, teranse en conta excepcionalmente. De forma que se non existise o convenio, unicamente se poderá participar coa Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

5.- Por acordo Asambleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais da Federación Galega de Automobilismo a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á Federación Galega de Automobilismo para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo Galego.

6.- Por acordo de Xunta Directiva-Comisión Delegada, de data 11 de novembro de 2007, e refrendado por acordo Asembleario, de data 1 de decembro de 2007, transcribese literalmente a adopción do acordó vinculante para as escuderías afiliadas a F.G. de A., para a tempada 2008 e sucesivas: En tódalas actividades desenroladas por entidades deportivas-escuderías, afiliadas á Federación Galega de Automobilismo; xa sexan de tipo deportivo, competitivo, ou non, pertencentes ó Campionato Galego das diferentes especialidades, ou non, xa sexan lúdicas, de exhibición, ou de calquera outro, persoal con licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, sin que sexa posible a súa exclusión por ningún concepto, nin restrinxi-la súa participación por ningunha causa derivada da licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo. O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias, das entidades-escuderías, ou persoas responsables de conformidade co art. 87.ñ) dos vixentes estatutos; e terá a consideración de "especial gravidade", con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo.